



## AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

**DATA DE ENVIO: 08/08/2019**

**TIPOLOXÍA: COSTEIROS (Vento e Mar Combinada)**

**NIVEL DE ALERTA: AMARELA**

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín número 192/71GAL emitido ás 19:40 h. dun fenómeno meteorolóxico adverso por **COSTEIROS**, de nivel **AMARELO** (Vento do SW forza 7 ocasionalmente 8. Mar combinada W aumentando de 4 a 5 m), que afectará ao litoral da provincia da **CORUÑA (NOROESTE E OESTE)**, e **LUGO (MARIÑA)** que comezará a última hora de hoxe e abranguerá todo o día de mañá (9/8/2019).

O aviso tamén afectará a todo o litoral de **PONTEVEDRA e A CORUÑA (SUROESTE)** comezando a primeiras horas da mañá do día 9/8/2019 prolongándose ata última hora da tarde do mesmo día. Sendo neste caso por Mar Combinada do W de 4 a 5 m.

POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNÍCALLES QUE, EN PREVISIÓN DESTES FEITOS: Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e no seu caso ALERTEN ou MOBILICEN ós medios e recursos dispoñibles.

Ante calquera emerxencia chame ó 112

- No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN A EMERXENCIAS 112 GALICIA, ou consulte a páxina web da AEMET: [www.aemet.es](http://www.aemet.es), do CAE 112: [www.axega112.gal](http://www.axega112.gal) e de Meteogalicia: [www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

